

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ  
CURSO: 1º  
CICLO FORMATIVO: CARPINTERÍA E MOBLE  
MÓDULO PROFESIONAL: F.O.L  
DEPARTAMENTO: F.O.L  
DATA: 5/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre**
- 4. Información e publicidade.**

### 1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación
RA 1:Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionadas coa seguridade	<p>1.1Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.</p> <p>1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.</p> <p>1.3 Apareciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.</p> <p>1.4 Comprenderónse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.</p> <p>1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.</p> <p>1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector de madeira, moble e cortiza</p> <p>1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.</p>
RA2: Avalía as situacións de riscos derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector de madeira, moble e cortiza.	<p>2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos ámbitos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en carpintaría e moble.</p> <p>2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.</p> <p>2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en carpintaría e moble.</p> <p>2.4 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos ámbitos de traballo das persoas coa titulación de técnico en carpintaría e moble.</p> <p>2.5Levouse a cabo a avaliación de riscos nun ámbito de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade.</p>

<p>RA3: Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.</p>	<p>3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.</p> <p>3.2 Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.</p> <p>3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.</p> <p>3.4 Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.</p> <p>3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.</p> <p>3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.</p> <p>3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en carpintería e moble.</p> <p>3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.</p>
<p>RA4: Determina as medidas de prevención e protección no ámbito laboral da titulación de técnico en carpintería e moble.</p>	<p>4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.</p> <p>4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.</p> <p>Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.</p> <p>4.3 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.</p> <p>4.4 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.</p> <p>4.5 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a</p>

composición e o uso da caixa de urxencias.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b>            Levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumno/a que terá en conta a marcha da aprendizaxe segundo os contidos mínimos das distintas unidades didácticas.</p> <p>A aula virtual, a mensaxería e o correo electrónico son ferramentas que permiten, con carácter xeral, un contacto adecuado co alumnado. No obstante, aqueles/as que tiñan unha participación deficitaria nas actividades presenciais seguen conservando a mesma liña de actuación coa docencia telemática, polo que o seguimento diario, neste último caso, resulta imposible.</p>
	<p><b>Instrumentos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Probas, exames e traballos da primeira e segunda avaliación.</li> <li>- Revisións de tarefas entregadas ao longo do terceiro trimestre (on line)</li> <li>- Comunicación co alumno/a (on line) ao longo do terceiro trimestre.</li> <li>- Probas, exames (on line ou presencial, segundo as circunstancias) feitas ao longo do terceiro trimestre.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- No caso do alumnado que tiña as dúas primeiras avaliacións aprobadas, para obter a cualificación final de curso farase media das notas dos dous primeiros trimestres e da nota media obtida nas actividades de reforzo e ampliación realizadas durante os meses de ensino telemático que só se cuantificarán en positivo (máximo 2 puntos).</li> <li>- No caso de alumnos/as coa primeira e/ou segunda avaliación suspensa, primeiro hai que avaliar e cualificar a avaliación/s suspensa/s. A nota da/s mesma/s calcularase sumando o resultado das actividades de recuperación feitas on line ao longo do terceiro trimestre (25% da nota) e o resultado da proba final de recuperación que se fará vía telemática ou presencial (segundo as circunstancias o permitan) ao longo do mes de xuño (75% da nota).</li> </ul> <p>Unha vez avaliado/s e cualificado/s o/s trimestres que tiña suspensos (sempre e cando se supere o 5 en cada un deles), para obter a cualificación final de curso, sumaremos a nota media da primeira avaliación, a nota media da segunda e a nota media dos traballos, actividades de reforzo e ampliación feitos on line ao longo do terceiro trimestre, que só cuantificarán en positivo. (máximo de dous puntos)</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>As actividades son acordes coa excepcionalidade da situación, de maneira que fan fincapé nos puntos clave da formación dos/as alumnos/as.</p> <p>Para o alumnado cos dous primeiros trimestres superados, son maioritariamente actividades sobre o bloque de prevención de riscos laborais. Trátase dun bloque de contido que forma parte do módulo de FOL, que resulta imprescindible para o desenvolvemento do seu futuro profesional, que viron no IES (de maneira presencial) no módulo de Control de Almacén e que agora están a ampliar, reforzar e repasar en FOL.</p> <p>Ademais, o alumnado coa primeira e/ou segunda avaliación suspensa ten organizadas na aula virtual actividades de repaso sobre os contidos vistos, de maneira presencial, nos dous primeiros trimestres do curso. Actividades que lle axudarán a afrontar a proba final, que será presencial ou on line, segundo a evolución das circunstancias.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Estratexias: Cada luns envíase un correo a todo o alumnado co planning da semana, estruturado para as catro horas de FOL que nos corresponden. Esta mesma información cólgase no foro e no apartado “últimas novidades” da aula virtual .</p> <p>Desta forma, o alumnado ten a súa disposición o itinerario que debe seguir para potenciar as súas competencias.</p> <p>Todos os alumnos da clase dispoñen (a día de hoxe) dos dispositivos e conectividade necesaria para realizar as actividades do módulo de FOL.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Os recursos que se están empregando son a aula virtual Moodle, o sistema de mensaxería do Moodle, o correo electrónico e o libro de texto.</p>

<b>1. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Esta modificación á programación de FOL colgarase na aula virtual do módulo correspondente. Ademais, todo o alumnado será avisado vía correo electrónico de tal publicación.
<b>Publicidade</b>	Esta modificación da programación de FOL será publicada tamén na páxina web do centro.